

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS E GADISA RETAIL S.L.U. PARA A CONVOCATORIA DO VIII CONCURSO ESCOLAR DE CARTEIS RELACIONADO COA DOAZÓN E COS TRANSPLANTES.**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA DE UTILIZACIÓN DA FIGURA DO CONVENIO**

A Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, DECLARA:

O Conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos formalizou en data 31.03.2026 coa sociedade GADISA RETAIL SLU o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 31.03.2026 ata o 30.07.2026.

Que o instrumento convencional ten por obxecto, segundo expresa o texto do acordo *“establecer o marco de colaboración entre as partes, para levar a cabo a convocatoria do VIII Concurso escolar de carteis relacionado coa doazón e cos transplantes dirixido ao alumnado de 5º e 6º de educación primaria e 1º, 2º e 3º de educación secundaria obrigatoria (ESO) para o curso escolar 2025-2026.”*

Deste xeito, e segundo o estipulado polo Convenio *“O concurso terá como tema -a doazón e os beneficios do transplante de órganos-, co fin de promover a sensibilización social de maneira responsable sobre a doazón, entendida como un acto voluntario e altruísta.”*

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado fundaméntase no seguinte:

*“Que a Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como do*



*exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde”.*

*“Que polo Decreto 142/2015, de 17 de setembro, polo que se crea a Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos e se aproban os seus estatutos, como entidade pública instrumental adscrita á Consellería de Sanidade, ten entre as súas competencias a de realizar actividades informativas e formativas para os/as profesionais, para as asociacións de persoas enfermas e organizacións civís e para a poboación xeral, en materia de doazón de sangue, medula ósea, sangue de cordón umbilical, órganos e tecidos e o seu uso, así como promover a participación activa, no marco da responsabilidade social corporativa, de institucións, organismos e empresas de Galicia, nas políticas de promoción da doazón de sangue, órganos e tecidos”.*

*“Que Gadisa Retail SLU é unha entidade comercial adicada a distribución, sendo líder en Galicia, afianzada como a empresa de alimentación e distribución que máis emprego xera e mantén na comunidade galega. O compromiso coa economía e as persoas definen a súa folla de ruta a través das liñas de negocio Gadis, Cash Ifa, Claudio, Claudio Express e Casa Claudio, con 479 puntos de venda en Galicia, Castela e León, Madrid e Asturias”.*

*“Que ambas as partes comparten o convencemento de que a información e a difusión acerca da doazón e transplantes de órganos e tecidos a cidadanía é unha labor fundamental para a concienciación cidadá a través de campañas de sensibilización social a favor da doazón, charlas divulgativas no ámbito escolar, información telefónica, o calquera outra, así como a elaboración e difusión de material divulgativo e didáctico”.*

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse





xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase en memoria, en Santiago de Compostela na data da sinatura dixital

A Secretaria Xeral Técnica

Natalia Lobato Mosquera

